



NOTA INFORMATIVA SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN

Normativa reguladora do proceso de admisión do alumnado:

- **DECRETO 254/2012, do 13 de decembro**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **ORDE do 12 de marzo de 2013** pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **ORDE do 25 de xaneiro de 2017** pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Prazo de presentación das solicitudes de admisión:

O prazo de presentación das solicitudes de admisión será do **1 ao 20 de marzo**, ambos os dous inclusive.

Información sobre o proceso de admisión:

- Cada alumna e alumno só pode presentar unha **única solicitude** no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, **se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe**.
- O alumnado que ten **reservada praza nun centro**, se presenta **solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva** antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
- Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo, se é o caso.
- Calendario:
 - Data de publicación das listaxes provisionais do alumnado admitido e non admitido: antes do **25 de abril**.
 - Prazo para formular reclamación: **5 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o consello escolar.
 - Data de publicación das listaxes definitivas: antes do **15 de maio**.
 - Prazo de impugnación das listaxes definitivas: **un mes** desde a súa publicación mediante recurso de alzada ante a Xefatura Territorial
- Prazo para formalizar a matrícula: ata o **10 de xullo de 2018**.
- Servizos complementarios do centro: transporte escolar.